



**FLORENCIO DELGADO**

**LETRAS GALEGAS**  
**17 DE MAIO DE 2022**



*SeminarioGalicia.org*






*Has de cantar,  
que che hei de dar zonchos;  
has de cantar,  
que che hei de dar moitos.*


Has de cantar,  
meniña gaiteira;  
has de cantar,  
que morro de pena.

Canta, meniña,  
na beira da fonte;  
canta, dareiche  
boliños do pote.

**ROSALÍA DE CASTRO**




O DÍA DAS LETRAS GALEGAS FOI INSTITUÍDO POLA REAL ACADEMIA GALEGA NO ANO 1963 PARA CONMEMORAR O CENTENARIO DA PUBLICACIÓN DO LIBRO *CANTARES GALLEGOS* DE ROSALÍA DE CASTRO, O 17 DE MAIO DE 1863.



**FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN**

Meu Córghomo de Valdeorras  
é bocaribeira clara.  
Por Córghomo de Valdeorras  
non anda a Santa Compañía,  
porque o bo viño escorrenta  
medos, trasnos e pantasma.  
Moucho, Valsadal, Chancelo...  
viñas de viño baril.  
O viño da nosa adega  
manda mecha no Brasil!

**VALDEORRESAS  
CANTARENAS DO VAL**





1

A REAL ACADEMIA GALEGA DEDÍCALLE O DÍA DAS LETRAS AO POETA VALDEORRÉS FLORENCIO MANUEL DELGADO GURRIARÁN POLO SEU ENORME ACTIVISMO CULTURAL NA EMIGRACIÓN E POR DESENVOLVER IMPORTANTES INICIATIVAS EN DEFENSA DO NOSO IDIOMA E DA NOSA IDENTIDADE.



# FLORENCIO DELGADO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



2




FLORENCIO NACEU NA ALDEA DE CÓRGOMO, NO CONCELLO OURENSÁN DE VILAMARTÍN DE VALDEORRAS O 27 DE AGOSTO DE 1903. ERA FILLO DE FLORENCIO E CONSUELO E O MENOR DOS CINCO FILLOS QUE TIVO O MATRIMONIO.



# FLORENCIO DELGADO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



3



TRASLÁDASE XUNTO CO RESTO DA FAMILIA A OURENSE, PALENCIA E VALLADOLID, ONDE FOI DESTINADO SEU PAI, QUE ERA PROFESOR DA ESCOLA DE ENXEÑEIROS AGRÓNOMOS. EN VALLADOLID FIXO O SERVIZO MILITAR E CURSOU A CARREIRA DE DEREITO.



# FLORENCIO DELGADO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




EN 1928 A FAMILIA REGRESOU A CÓRGOMO E FLORENCIO COMEZA A TRABALLAR COMO PASANTE NUN BUFETE DE AVOGADOS DO BARCO DE VALDEORRAS. NESTE TEMPO ESCRIBE MOITOS VERSOS E PUBLICA ARTIGOS PERIODÍSTICOS CO SEUDÓNIMO DE CORGOMÓFILO.

4



# FLORENCIO DELGADO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



EN VALDEORRAS INÍCIASE NA POLÍTICA, PARTICIPA EN XUNTANZAS REPUBLICANAS, E PASA A FORMAR PARTE DA IRMANDADE GALEGUISTA VALDEORRESA, COMO REPRESENTANTE DE CÓRGOMO. EN 1930 COMEZAN A CELEBRAR EN VALDEORRAS «A DIADA DE GALIZA».


5





O Estatuto de Autonomía de Galicia foi aprobado en referendo o 28 de xuño de 1936, pero non chegou a ser aprobado no Parlamento español por mor do golpe de estado e a posterior guerra civil.

O Partido Galeguista, ao que xa estaba afiliado Florencio Delgado como militante e secretario de propaganda da executiva, está considerado como o verdadeiro dinamizador deste proceso estatutario.




EN 1933 FLORENCIO AFILIOUSE AO PARTIDO GALEGUISTA NO QUE EXERCEU O CARGO DE SECRETARIO DE PROPAGANDA DA EXECUTIVA .  
NESTA ÉPOCA COÑECEU A CASTELAO AO QUE LLE DEDICARÁ O LIBRO O SOÑO DO GUIEIRO.





## BEBEDEIRA



Andan á roda no ceo  
os fillos do sol e a choiva;  
as árbores xogan ás chapas  
cos patacóns das súas follas.

De brétemas alfaiate,  
fíxolle o río roupa ao val,  
coa tesoura das raiolas  
anda o sol por lla rachar.


Nas amoladeiras nubes  
o reuma, bo zapateiro,  
afía as súas coitelas  
para traballar no inverno.

A EDITORIAL NÓS PUBLICA, EN 1934, O PRIMEIRO LIBRO DE FLORENCIO, *BEBEDEIRA*, UNHA ESCOLMA DE TRINTA E DOUS POEMAS DEDICADOS Á SÚA TERRA DE VALDEORRAS. O LIBRO FOI MOI BEN ACOLLIDO POLA CRÍTICA.



# FLORENCIO DELGADO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com




CO COMEZO DA GUERRA CIVIL, FLORENCIO TEN QUE FUXIR DE VALDEORRAS E DESPOIS DE PASAR POR VALLADOLID, PORTUGAL E FRANCIA CHEGA, EN 1938, A BARCELONA, ONDE SE ALISTA NO EXÉRCITO E CHEGA A SER TENENTE DO SERVIZO DE INFORMACIÓN.

8



# FLORENCIO DELGADO



GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



DESPOIS DA DERROTA DO EXÉRCITO REPUBLICANO, FLORENCIO, XUNTO CON CASE MIL PASAXEIROS MÁIS, EMBARCA NO BUQUE IPANEMA CON DESTINO AO PORTO DE VERACRUZ, EN MÉXICO, ONDE INICIARÁ O SEU EXILIO.







10

## UN GUERRILLEIRO



Antón Arias, «Clavel»: un home enteiro, un galego cabal, rexo e dereito, que decote sabía dar o peito, levado do seu pulo xusticieiro.

Dos camiños do mundo viaxeiro -que dos galegos é sino escolleito- noso heroe soubo á loita estar afeito e, firme, percorreu o seu roteiro.

E quixo oporse, por amor á Terra, aos verdugos da nosa liberdade e, cun fato de irmáns, fíxolles guerra.


Os eidos defendeu coa súa xente e, ao consumarse o trunfo da ruindade, por Galiza morreu coma un valente.

O PARTIDO GALEGUISTA EDITA EN MÉXICO, EN 1943, *CANCIONEIRO DA LOITA GALEGA* NO QUE COLABORA FLORENCIO CON POEMAS RELACIONADOS COA GUERRA CIVIL E A RESISTENCIA ANTIFRANQUISTA.



# FLORENCIO DELGADO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



11




FLORENCIO, AO CHEGAR A MÉXICO, TIVO MÚLTIPLES TRABALLOS ATA QUE SE EMPREGOU NUNHA EMPRESA FARMACÉUTICA NA QUE TRABALLOU ATA A SÚA XUBILACIÓN. CASOU CON CELIA TEIXEIRO, FILLA DE EMIGRANTES GALEGOS, COA QUE TIVO CINCO FILLOS.





## CHOIVA

### «PLUIE» DE PAUL VERLAINE



Chora o meu corazón  
E na vila a chover;  
Que estraño esmorecer  
Sente o meu corazón?

Nos tellados, a choiva,  
Canta un canto teimoso  
Pró corazón saudoso,  
Doce canto o da choiva!

Por que te queixas, di,  
Corazón magoado?  
Se non es traizoado...  
Por que te queixas?, di.

Mais non aturo a dor  
Que me causa o ignorar,  
Que sen querer nin odiar  
Sinta tan forte dor.

COLABOROU, FACENDO TRADUCIÓNS DE POETAS FRANCESES, NO VOLUME *POESÍA INGLESA E FRANCESA VERTIDA AO GALEGO*, PUBLICADO POLA EDITORIAL GALAXIA EN 1946 E QUE FOI PREMIADO POLA FEDERACIÓN DAS SOCIEDADES GALEGAS DA ARXENTINA.



# FLORENCIO DELGADO

Florencio Delgado Gurriarán  
Obra poética



XERAIS

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



13




FOI UN DOS CREADORES DO PROGRAMA RADIOFÓNICO EN GALEGO *A HORA DE GALICIA* QUE ESTIVO EN ANTENA EN MÉXICO TODOS OS DOMINGOS DURANTE CASE VINTE ANOS.





## A GALIZA ASOLAGADA



A metade asolagada  
e a metade con piñeiros,  
na Galiza de arestora  
xa non caben os galegos.

.....  
Onte, as augas escumantes  
dos regueiriños brañegos  
bailaban a muiñeira  
para engado dos penedos.

.....  
Hoxe, con ritmo a «go-go»,  
danzan en canles estreitas  
e van, por irtos aramios,  
a darlle forza aos alleos.

**(Anacos dun poema inédito)  
Guadalajara, Nova Galiza, 1968**

TAMÉN FOI UN DOS FUNDADORES, EN 1959, DA REVISTA EN GALEGO VIEIROS, CON LUÍS SOTO E CARLOS VELO.  
DEIXOUSE DE EDITAR EN 1968, DESPOIS DE PUBLICAR CATRO NÚMEROS.





## A PANDEIRADA

Nenas, vinde á pandeirada,  
que sinto, no peito o adufe  
do meu desexo, rapazas.


Os ollares churrusqueiros  
son mans a bater no adufe  
que anda a soar no meu peito.

Nenas, vinde á pandeirada,  
a pór acordes co adufe  
as ferreñas das risadas.

(Estoupe, que estoupe, que estoupe o pandeiro;  
nas bocas floridas que estoupen os beixos;  
estoupen os risos e os salaios ledos;  
estoupe o xuntillo, gaiola dos peitos!)

EN *GALICIA INFINDA*, PUBLICADA POR EDITORIAL GALAXIA, EN 1963, REÚNESE UNHA BOA PARTE DOS SEUS POEMAS DE POSGUERRA, AGRUPADOS EN CINCO PARTES: *CANTARENAS*, *VALDEORRAS*, *CASTIÑEIROS*, *VARIA* E *POEMAS MEXICANOS*.





Andan os paxaros,  
co medo, a chiar...  
(Do Xapón, mandaron  
castiros ananos  
para que os nenos poidan  
os niños pillar  
sen rubir ás gallas,  
sen engateñar,  
sen rachar as calzas...  
dende o mesmo chan!)  
Andan os paxaros,  
co medo, a chiar.

CANTARENAS, PUBLICADO EN 1981 POR EDICIÓNS DO CASTRO, RECOLLE POEMAS DE *BEBEDEIRAS* E OUTROS NOVOS: *VALDEORRESAS* E *DIONISIAS*. O TEMA CENTRAL DOS SEUS POEMAS SON AS TERRAS DE VALDEORRAS E O MUNDO DO VIÑO.





## CELSO EMILIO FERREIRO



Ai que soa ficou «María Soliña»,  
ai que triste a chorar na soidade,  
ai que triste a xemer, que seña dade,  
que mágoa dela e da Terra túa e miña.

Que dor porque te fuches, fera espiña  
nos corazóns chantada, meu confrade,  
corazóns a sangrar pola crueldade  
do gume inexorable da fouciña.

Por ti chora a «María» abandonada,  
por ti chora o «Buxán» esfarrapado,  
Celso Emilio Ferreiro, poeta noso.


Por ti chora a Galiza malfadada  
e por ti chora o pobo laceirado...  
Por ti, Poeta, «Bo e Xeneroso».

O SOÑO DO GUIEIRO, PUBLICADO POR EDICIÓNS DO CASTRO EN 1986 ESTÁ DEDICADO AO SEU AMIGO CASTELAO E RECOMPILA POESÍAS DE LOITA, DE COMBATE, DA GUERRA CIVIL, DA POSGUERRA E DO EXILIO.




# FLORENCIO DELGADO

GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



18



EN TRES OCASIÓN VOLVEU FLORENCIO A GALICIA. NA SÚA ÚLTIMA VISITA, EN 1981, FOI RECOÑECIDO, NUN ACTO CELEBRADO NO CASINO DO BARCO DE VALDEORRAS, COMO MEMBRO CORRESPONDENTE DA REAL ACADEMIA GALEGA.




# FLORENCIO DELGADO



GRÁFICOS: carlosgallegodominguez.com



19




FLORENCIO DELGADO EN SARGADELOS, NO ANO 1981, NA SÚA ÚLTIMA VISITA A GALICIA.

FLORENCIO FALECEU EN FAIR OAKS, CALIFORNIA (EEUU) O 14 DE MAIO DE 1987, CANDO VISITABA UNHA DAS SÚAS FILLAS. AS SÚAS CINZAS FORON TRASLADADAS A CÓRGOMO O 12 DE XULLO DESE MESMO ANO.



# FLORENCIO DELGADO



**DÍA DAS LETRAS GALEGAS, 17 DE MAIO DE 2022**